

DOSSIER DO CURSO (2025/2026) DE IMPROVISACIÓN ORAL EN VERSO DO CIOV- Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo

Obxectivos xerais

- 1.-Dar a coñecer a improvisación oral en verso
- 2.-Espertar o interese na práctica, o desfrute e o estudo da literatura oral
- 3.-Conseguir que o alumnado improvise en verso con soltura
- 4.-Aumentar a competencia musical e realizar un pequeno achegamento á música tradicional galega
- 5.-Potenciar a memoria e a creatividade
- 6.-Traballar a dimensión lúdica da lingua e a literatura
- 7.-Favorecer a conciencia lingüística do alumnado, o espallamento da improvisación oral en verso galega e a posta en valor do noso patrimonio cultural

Contidos

Parte teórica

- 1.-Orixe, definición e función social da literatura oral improvisada
- 2.-Historia da improvisación poética galega
- 3.-Melodías e xéneros da improvisación poética galega
- 4.-A improvisación poética na península ibérica
- 5.-A improvisación poética no mundo
- 6.-Disciplinas próximas: a narración, o rap, a improvisación teatral, a poesía...
Manifestacións de carácter oral e improvisado: a regueifa, o brindo, a enchoiada, maios, cornetadas...
- 7.-Regueifa con perspectiva de xénero
- 8.-Improvisación oral en verso e novos formatos

Parte metodolóxica

Na parte práctica do curso traballaránse mediante exemplos, actividades e xogos:

- A métrica e o ritmo das melodías tradicionais galegas, así como doutros lugares do mundo e de pezas contemporáneas
- Figuras poéticas e retóricas
- O vocabulario
- Dinámicas: regueifa colaborativa ou competitiva
- A improvisación e o corpo: movemento, xestualidade e voz
- A improvisación e a contorna: describir, louvar e satirizar
- A narración improvisada en verso
- Acompañamento musical: bases e percusión miúda
- Improvisación na rede

O profesorado

As aulas semanais (de 17:00 a 20:00) serán impartidas por Branca Trigo Cabaleiro

O curso vai desde novembro de 2025 a novembro de 2026

Haberá unha mostra regueifeira, do alumnado, no 2026, con público

Lugar

As clases serán no Auditorio Mar de Vigo - planta 5.^a ([entrada pola porta da UNED, Avda. de Beiramar, 57](#))

Para se inscribir é necesario enviar un correo electrónico a actividades.snl@vigo.org (indicará o seu nome completo e teléfono de contacto; no “Asunto” debe poñer: improvisación oral en verso)